

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERAN A CONTRATACIÓN POR LOTES, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAJOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE DO SERVIZO DE “CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE SEGUROS DO CONCELLO DE AMES”.**

## I.- DISPOSICIÓN COMÚNS

### 1.- OBXECTO E ALCANCE.

#### A.- OBXECTO.

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas é regular, co carácter de mínimas, as prestacións de carácter técnico a executar polas Compañías Aseguradoras que resulten adjudicatarias dos servizo de “Contratación do Programa de Seguros do Concello de Ames” por un periodo de DOUS anos, podendo prorrogarse de maneira expresa por periodos anuais ata un máximo de CATRO anos.

#### B.- ALCANCE

A prestación do servizo de pólizas de seguros nos distintos ramos desenvolverase pola empresa contratista, con arranxo ao previsto no presente Prego de Prescricións Técnicas e no Prego de Prescricións Administrativas Particulares.

Dado que a contratación cuxa execución se suxeita ás prescricións establecidas no presente prego foi estruturada en catro lotes en función das distintas coberturas a realizar, o presente Prego de Prescricións Técnicas desenvolve nos seus anexos as prescricións técnicas de cada un dese catro Lotes con arranxo á seguinte orde

**LOTE Nº 1: Responsabilidade civil/patrimonial.** Os criterios de tarificación da póliza de responsabilidade civil/patrimonial son os seguintes:

#### Presupuesto Anual do Concello de Ames:

Presuposto 2014	20.617.566.-€
-----------------	---------------

#### Número de habitantes do Concello de Ames

Número de Habitantes a 1 de xaneiro 2014	29.689
--	--------

#### LOTE Nº 2: Danos materiais.

#### LOTE Nº 3: Accidentes Colectivos

#### LOTE Nº 4: Responsabilidade Civil derivada de Vehículos a motor

Estas prescricións técnicas serán as que rexerán as distintas pólizas dependendo do tipo de cobertura de que se trate. As mesmas terán a consideración de mínimas podendo ser ofertados polos licitadores de forma adicional melloras con arranxo aos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

En todo caso, as exclusións, excepcións ou limitacións que se citan no presente prego terán a consideración de máximas, sen que exista a posibilidade de modificar o seu alcance ou establecer restricións ou limitacións adicionais ou complementarias. Excepto para o caso das garantías que oferten os licitadores con arranxo aos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares. En tal caso e

se iso estivese previsto no prego de cláusulas administrativas particulares deben vir coa descrición das exclusións que lle sexan de aplicación.

## **2. ADMINISTRACIÓN DOS CONTRATOS**

A administración dos contratos corresponderá a **B.V.C. ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS S.A.**, actual mediador de Seguros do Concello Ames, xa que mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xullo de 2014 polo que se acorda a adxudicación por procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, do servizo denominado de “Asesoramento e Mediación de Seguros no Concello de Ames” a BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS S.A. con C.I.F. N° A 36768257.

## DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS.

### LOTE 1.- PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL

#### PRIMERA.- LÍMITES DE INDEMNIZACIÓN ASEGURADOS

Los límites generales son por siniestro y año

Límite Xeral	900.000.-€
Sublímite vítima en Patronal	150.000.-€
Responsabilidade Civil Profesional	900.000.-€
Responsabilidade Civil Contaminación	900-000.-€
Responsabilidade Civil Postraballos	900.000.-€
Perxuicios Patrimoniais Puros	150.000.-€
Defensa e fianzas	Incluído

#### SEGUNDA.- DEFINICIONS

Enténdese por:

**2.1.- Asegurador:** A persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado

**2.2.- Tomador do seguro:** Excmo. Concello de Ames

**2.3.- Asegurado:**

Terán a condición de Asegurado/s:

- a. O Excmo. Concello de Ames
- b. Calquera entidade de dereito público dependente do Concello
- c. Os seus representantes, directivos, membros da corporación, profesores, funcionarios, empregados, dependentes e en xeral, o persoal ao seu servizo no exercicio das súas funcións. A condición de asegurado aplicarase a todo o persoal que preste os seus servizos para os organismos mencionados, calquera que fose a súa relación de dependencia laboral ou administrativa sempre que sexan remunerados polos citados organismos. Así mesmo inclúese ao persoal en prácticas e/ou formación, persoal voluntario e persoal da protección civil. En definitiva calquera persoa pola que o Concello ou os seus organismos dependentes teñan que responder.
- d. Os alumnos en prácticas na súa calidade de alumnos de cursos desenvolvidos directamente ou a través de convenios con terceiros, polo Concello de Ames ou calquera das súas entidades dependentes.
- e. Os membros das comisións de festas organizadas pola corporación, na súa actividade de organización e desenvolvemento de festas, así como os profesores, monitores, voluntarios e demais persoal que axude, colabore ou dirixa as actividades culturais, recreativas ou asistenciais patrocinadas e promovidas pola corporación.
- f. Persoal que preste o seu servizo ao Concello de Ames que se atope en situación de desprazamento temporal noutras entidades, centros, ou institucións a condición de que actúe en comisións de servizos

**2.4.- Terceiro Prexudicado:** Terán a consideración de terceiros aos efectos deste contrato:

•Calquera persoa distinta do asegurado sempre que acredite haber sufridos prexuízos ou

danos avaliábel economicamente, como consecuencia das actividades dos asegurados.  
•Calquera dos asegurados na súa calidade de usuarios dos servizos da administración contratante.

Así mesmo e a efectos da Garantía de Responsabilidade Civil Patronal, serán considerados como terceiros os empregados do asegurado, empregados dos seus subcontratistas ou contratistas e persoal dependente de todos eles, os traballadores contratados a través de Empresas de Traballo Temporal, persoal bolseiro ou en prácticas.

## **2.5.- Danos:** Inclúense:

- Os danos corporais incluíndo falecemento, invalidez, lesión, etc
- Danos materiais entendidos como deterioración, destrución, alteración, perda ou desaparición dunha cousa
- Prexuízos consecuenciais, consecutivos dun previo dano material e/ou corporal cuberto en póliza

## **TERCEIRA.- OBXECTO DO SEGURO**

O asegurador toma ao seu cargo o pago das indemnizacións pecuniarias derivadas da responsabilidade que poida derivarse durante a vixencia do seguro, para o Tomador do Seguro/ Asegurado, de forma directa, solidaria ou subsidiariamente, por danos persoais, materiais ou prexuízos consecuenciais causados a terceiros no exercicio da súa actividade.

O obxecto do contrato abarcará dúas vertentes:

- a) **Responsabilidade Civil** derivada dos actos ou omisións non dolosos que ocasionen danos a terceiras persoas, conforme á regulación establecida no Dereito Privado.
- b) **Responsabilidade Patrimonial da Administración Pública** a atribuída á Administración segundo o establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (segundo modificación pola Lei 4/1999 de 14 xaneiro), é dicir, a atribuída polo ordenamento xurídico á Administración, por aqueles danos producidos ao particular como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, coa exclusión dos supostos de forza maior.

En calquera caso, o dano alegado terá que ser efectivo, avaliábel economicamente e individualizado a unha persoa ou grupo de persoas.

## **CUARTA.- PRESTACIÓNS DO ASEGURADOR**

Dentro dos límites fixados na póliza, correrán por conta do Asegurador:

- a)O abono aos prexudicados ou os seus dereitohabentes das indemnizacións a que dese lugar a Responsabilidade Civil do Tomador do seguro / asegurado/ empregados.
- b)O pago das costas e gastos xudiciais ou extraxudiciais inherentes ao sinistro
- c)A constitución de Fianzas esixidas ao Tomador Seguro / Asegurado para garantir a súa Responsabilidade e/ou liberdade provisional

## **QUINTA.- RISCOS CUBERTOS**

### **5.1.- RESPONSABILIDADE CIVIL XENERAL**

Baixo este apartado atópanse cubertos os seguintes riscos, a título enunciativo e non limitativo:

1. Derivada da actuación material do servizo públicos prestados.
2. As derivadas do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos prestados.
3. As derivadas do estado de conservación e mantemento das distintas instalacións e medios materiais que utiliza o asegurado, sexa cal for o seu título, para o concreto desenvolvemento da súa actividade

4. As derivadas de incendio, explosión, fumes, augas, gases, olores e vapor e afundimento e/ou desprendemento de terreo.
5. As derivadas da súa calidade de propietario e/ou usufructuario e/ou arrendatario de bens, mobles e inmobles, así como a responsabilidade fronte aos propietarios dos bens inmobles que ocupen en réxime de terceiros.
6. As derivadas da condición de promotor, construtor obra nova, obras de mantemento, reparación, ampliación ou reforma de edificacións ou instalacións xa existentes.
7. As derivadas do servizo de vixilancia e seguridade, xa sexa por medio de persoas, animais e dispositivos mecánicos, eléctricos, e electrónicos destinados a tal fin mesmo aínda cando comprenda o uso de armas
8. As derivadas de traballos realizados para o asegurado ou por conta del por adxudicatarios, concesionarios, contratistas, subcontratistas, en forma subsidiaria ás coberturas de seguro de responsabilidade civil subscritas por estes.
9. A responsabilidade directa, solidaria ou subsidiariamente puidese corresponder ao asegurado polos danos causados por contratistas e subcontratistas, e en xeral quen actúe por conta do asegurado sen relación de dependencia laboral.
10. As derivadas de contaminación de augas, terra e aire, sempre que aquela sexa accidental, súbita e imprevista incluíndo os gastos de limpeza
11. Queda cuberta a responsabilidade que puidese esixirse ao asegurado por danos ocasionados a terceiras persoas como consecuencia da utilización de vehículos a motor por parte dos seus empregados ou outros terceiros, e respecto dos cales o asegurado non tivese a condición de propietario, tenedor ou posuidor. A indemnización contemplada neste punto queda suxeita a:
  - a) Que no momento de ocorrer o sinistro, os citados empregados ou terceiros atópanse efectuando traballos ou misións encomendadas polo asegurado, no ámbito da actividade obxecto do seguro
  - b) Que os mencionados empregados ou terceiros sexan declarados directamente responsables
  - c) Que os vehículos causantes do accidente non tivesen subscritas garantías suficientes mediante as pólizas específicas do automóbil para indemnizar os danos sobrevindos
  - d) Que sexa declarada a insuficiencia das pólizas citadas, atribuíndose ao asegurado a responsabilidade legal de afrontar o resarcimiento dos danos.
  - f) En calquera caso, as garantías contempladas neste apartado soamente entraran en xogo no suposto de exceso dos límites de indemnización establecidos nas disposicións reguladoras do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria de automóbil, atopándose ou non subscrito a póliza correspondente.
12. A derivada do transporte de mercadorías e bens en xeral en medios terrestres incluíndo as operacións de carga e descarga. Inclúese a responsabilidade do asegurado pola contratación de empresas transportistas para o transporte de bens propiedade ou baixo alugueres ou depósito do asegurado, así como polos danos que tales bens poidan causar durante o seu transporte.
13. As derivadas dos danos causados a bens de terceiros, mesmo aínda que se atopen baixo o coidado, control ou custodia do asegurado.
14. As derivadas da propiedade e mantemento das instalacións de iluminación pública, rede de sumidoiros, rede semaforica, canalizacións de augas residuais, estacións depuradoras e de bombeo, así como de galerías, canalizacións para subministración de auga, gas ou electricidade ou calquera outra condución de elementos para atender servizos públicos.
15. Existencias de colectores de lixo e os seus elementos accesorios e sujeciones, papeleiras e en xeral calquera recipiente de recollida de lixos así como os servizos

municipais de limpeza e recollida de lixo.

16. As derivadas da organización e promoción de actos oficiais e recreativos, eventos deportivos e culturais, festexos de vaquillas e espectáculos pirotécnicos.(a responsabilidade de espectáculos pirotécnicos terán sempre carácter subsidiario).

17. Danos derivados dos riscos de ordenación de tráfico

18. Danos derivados da retirada e/ou inmovilización de vehículos na vía pública por servizos de guindastre ou cepos municipais, incluídos os danos causados a vehículos obxecto da retirada ou inmovilización

19. Explotación directa de mercados municipais

20. A actuación do Corpo Municipal de Policía e no seu caso bombeiros así como a actividade realizada polo persoal voluntario de protección civil e demais voluntariado así como daqueles que en virtude de resolución xudicial presten os seus servizos a favor da comunidade.

21. Pola organización de colonias, campamentos, excursións, cursos, conferencias, exposicións, feiras, e outras actividades e campañas similares organizadas polos diferentes servizos municipais así como posibles convenios para a execución deste tipo de eventos, asinados con empresas, organismos externos ao Concello tanto públicos como privados (nestes casos os participantes e/ou alumnos terán a consideración de asegurados e terceiros)

22. Pola propiedade, explotación e/ou xestión das gardarías, escolas de formación, colexios, centros médicos (non incluíndo a responsabilidade sanitaria dos profesionais), piscina municipal, etc que dependan do Concello ou de calquera dos seus órganos dependentes.

23. As derivadas de manifestacións festivas, culturais ou deportivas organizadas polo Concello asegurado, tales como bailes, verbenas, cabalgatas, conferencias, exposicións, competicións, feiras, excepto demostracións, concursos ou carreiras de vehículos a motor.

24. Derivada de tenencia de animais

25. Derivada do deber “in vixiando” que lle competa

26. Pola tenencia e uso de instalacións mecánicas de carga e descarga, maquinaria, ferramentas, utillaxes así como de vehículos industriais e maquinaria autopropulsada sempre que non poden nin deban estar asegurados por obrigação legal.

27. Derivadas da execución de traballos:

- a) Mantemento e conservación de beirarrúas, camiños, estradas, xardíns, parques
- b) Mantemento de edificios e instalacións dependentes do Concello
- c) Rede de rede de sumidoiros, iluminación pública, etc. da súa competencia
- d) Construción, ampliación, e modificación de edificacións e instalacións realizadas por persoal adscrito ao Concello.

28. Responsabilidade civil pola organización de probas selectivas de persoal

## **5.2.- RESPONSABILIDADE CIVIL PATRONAL**

A presente cobertura esténdese a amparar a responsabilidade que lle sexa exigible ao asegurado, de conformidade coa normativa legal vixente e con suxeición aos límites e estipulacións contidos na póliza, por accidentes de traballo ocorridos no desenvolvemento da actividade asegurada.

En concreto, por esta cobertura queda amparada:

1) A responsabilidade civil patronal, entendendo como tal a responsabilidade que lle sexa esixida ao asegurado polos accidentes de traballo sufridos polos traballadores incluídos na súa nómina e dados de alta na seguridade social, os traballadores con relacións de traballo temporal ou de duración determinada, os contratados por empresas de traballo temporal e outros dependentes do asegurado ao marxe da súa relación laboral. Atópanse incluídos neste caso voluntarios, bolseiros, etc.

2) A responsabilidade civil que lle sexa esixida ao asegurado polos accidentes de traballo sufridos por outros contratistas, subcontratistas propios ou alleos e persoal

dependente deles.

### **Exclusións propias da garantía**

1. As Responsabilidades por feitos que non sexan cualificados como accidente de traballo.
2. As indemnizacións, recargas ou melloras voluntarias derivadas de obrigacións establecidas por convenios sectoriais ou particulares para o suposto de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais.
3. As indemnizacións e gastos de asistencia por enfermidade profesional ou ben por enfermidades non profesionais que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, así como o infarto de miocardio, trombosis, hemorraxia cerebral e enfermidades de similar etiología.
4. Calquera xénero de multas e sancións, así como os recargos nas prestacións establecidas na lexislación vixente con carácter punitivo.
5. As reclamacións por incumprimento das obrigacións contractuais do empresario de carácter xeral das que non se deriven danos corporais.
6. O resarcimento dos danos materiais.
7. Reclamacións por alteracións psicofísicas da saúde que teñan a súa orixe ou estean relacionadas con accións ou omisións no ámbito laboral, que vulneren os dereitos constitucionais básicos da persoa en relación co traballo ou derivados da extinción do contrato de traballo e nas relacións de emprego, discriminación, acoso sexual, represalias, intimidade, e outros prexuízos nas relacións laborais relacionados coa valoración de méritos na promoción profesional, negación de emprego, privación dunha carreira profesional ou expedientes disciplinarios.

### **5.3.- RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL**

Queda garantida a responsabilidade profesional do asegurado no exercicio da súa actividade profesional por erros, accións ou omisións profesionais que causen danos corporais, materiais ou prexuízos consecuenciais fronte a terceiros, mentres exerzan as súas funcións para e por conta do Excmo. Concello de Ames.

En especial garántense as responsabilidades derivadas de:

1. Actividades de redacción de proxectos, de dirección e/ou supervisión de obras e/ou proxectos de construción, montaxe, ampliación ou reformas, excluíndose en calquera caso os danos sufridos polas propias obras supervisadas, proxectadas, construídas, montadas ampliadas ou reformadas.
2. A actuación profesional do persoal que preste servizos de asesoramento xurídico, técnico e/ou económico (secretario xeral e interventor así como os/os funcionarios/as que con carácter accidental exerzan tales funcións nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade daqueles; técnicos de administración xeral; tesoureiro e recador así como os/as funcionarios/as que con carácter accidental exerzan tales funcións nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade daqueles, arquitectos, arquitectos técnicos, enxeñeiros e enxeñeiros técnicos) dependentes do Concello de Ames no desenvolvemento da actividade que lle é propia.
3. Actuación profesional do persoal de servizos sociais dependente de corporación na súa actividade de asistencia social (terceira idade, persoas con discapacidade, toxicómanos, e similares)

Esta póliza actuará en exceso, defecto e/ou diferenza de condicións doutros seguros sexan obrigatorios ou non.

#### **5.4.- DEFENSA XURÍDICA E FIANZAS**

No caso de que con motivo do desenvolvemento da actividade asegurada, iniciácese un procedemento xudicial contra os asegurados, derivado dun sinistro cuberto en póliza, aínda cando fose por reclamacións infundadas, extemporáneas, inadmitidas a trámite en vía administrativa ou desestimadas por silencio administrativo, quedan comprendidas na póliza as seguintes garantías:

- i. A defensa persoal do asegurado nos procedementos xudiciais, mesmo nos penais que se lle esixisen aínda despois de liquidada a responsabilidade civil / patrimonial. O asegurador asumirá ás súas expensas a dirección xurídica fronte á reclamación do prexudicado. No entanto e sempre que exista acordo e aceptación expresa por parte do asegurador, o asegurado poderá designar libremente letrado e procurador para as actuacións xudiciais que se lle seguiren en reclamación de responsabilidades cubertas en póliza.
- ii. De existir conflito de intereses ou se nunha causa penal o asegurado optase por confiar a súa defensa a outra persoa o asegurador quedará obrigado a abonar os gastos de tal dirección xurídica até o límite de 42.000.
- iii. A constitución da fianza que se esixise ao asegurado en procedementos contencioso administrativos ou civís ou en causas penais como garantía de responsabilidades pecuniarias e para asegurar a súa liberdade provisional.
- iv. O pago das costas e de todos os gastos xudiciais ou extraxudiciais que sen constituír sanción persoal, sobreviñesen a consecuencia de calquera procedemento contencioso administrativo ou civil ou en causa penal nos que o asegurado se víse incurso.
- v. Todos os pagos que deban realizar os asegurados, tanto en virtude desta garantía como da póliza, non poderán exceder da cantidade máxima asegurada para a garantía de responsabilidade civil / patrimonial, excepto o especificado na prescrición denominada LIBERACIÓN DE GASTOS que será de aplicación cando así corresponda.
- vi. As fianzas que deban constituír os aseguradores polos conceptos previstos na póliza e esta cobertura non poderá exceder do límite que o licitador determine na súa oferta
- vii. Asegurador e asegurado deberán coordinarse para a xestión de todos os sinistros que superen as franquías. Para tales casos as regras a seguir son as seguintes:

Para o suposto de recoñecemento a favor de terceiros de indemnizacións en vía administrativa, o Concello abonará directamente ao prexudicado o importe da indemnización até a contía coincidente coa franquía. O exceso sobre o importe das franquías será asumido pola aseguradora que deberá proceder ao abono da mesma nos termos que figuren na resolución administrativa que poña fin ao procedemento de que se trate.

Para o suposto de recoñecemento a favor de terceiros de indemnizacións en vía xudicial, a Compañía abonará directamente ao prexudicado o importe total da indemnización recoñecida ou, no seu caso, depositarase en sede xudicial. Acreditado o abono, o Concello procederá a abonar o importe da franquía á Aseguradora.

#### **LIBERACIÓN DE GASTOS**

A suma asegurada pola póliza enténdese liberada de calquera dedución polos gastos xudiciais mencionados si estes, engadidos á indemnización satisfeita, excedesen do límite por sinistro, sempre e cando se tratase de accións ante os tribunais españois.

No suposto de tribunais estranxeiros non se aplicará a liberación de gastos.



## 5.5.- RESPONSABILIDADE CIVIL POR CONTAMINACION ACCIDENTAL E REPENTINA

Queda amparada por esta póliza e suxeita ás condicións da mesma a responsabilidade civil do asegurado polos danos e prexuízos derivados de contaminación que se produza de forma accidental e repentina. Incluídos os gastos de limpeza.

Aos efectos da cobertura enténdese por:

**Contaminación:** a introdución ou dispersión de materias ou sustancias da terra, a auga ou o aire, que produza unha deterioración que resulte perigoso ou daniño na calidade dos devanditos medios.

**Accidental:** que sexa extraordinaria e que non se cause de forma intencionada prevista e consentida, como unha consecuencia normal da actividade realizada en cada instalación asegurada ou da posesión da mesma.

**Repentina:** Aquela contaminación que se demostre cando aconteceu e que dende o momento que se descubre a existencia da devandita contaminación transcorre un período non superior a 120 horas.

## 5.6.- RESPONSABILIDADE CIVIL POSTRABAJOS / PRODUCTOS:

Mediante a presente cobertura, estipúlase expresamente amparar a responsabilidade civil en que poida incurrir o asegurado como consecuencia de danos orixinados por:

- Traballos executados despois da súa recepción
- Servizos despois de aceptada a súa prestación

### **Exclusións Específicas da cobertura:**

- a) Os danos ou defectos que sufran os propios produtos, así como o reintegro do seu valor
- b) Os prexuízos causados aos usuarios dos produtos como consecuencia de que estes non poidan desempeñar a súa función para a que están destinados, ou non respondan as calidade anunciadas para eles.
- c) Os danos ocasionados por produtos cuxa fabricación se realizou con infracción deliberada das normas de dereito positivo aplicable respecto diso, así como os orixinados por aqueles que non fosen probados ou experimentados adecuadamente (conforme ás regras recoñecidas que fosen de aplicación en tales supostos) ou por desviacións deliberadas das instrucións dadas polo fabricante ou comitente
- d) Os danos derivados do proxecto, fabricación ou a subministración de avións ou de pezas destinadas á construción de avións ou á súa instalación nos mesmos; os orixinados pola montaxe, mantemento, inspección, revisión, reparación, transporte e actividades similares realizadas en avións ou en pezas de avións
- e) Os gastos e indemnizacións derivadas da inspección, reparación, reembolso, substitución ou perda de uso dos produtos, así como da súa retirada do mercado a consecuencia dun defecto ou vicio coñecido ou presunto, salvo que se contrataron coberturas adicionais que expresamente modifiquen ou contradigan dita exclusión
- f) Os danos ás cousas ou bens alleos fabricados ou elaborados mediante unión e mestura ou a transformación de produtos polo asegurado
- g) A indemnización por “punitive and exemplary damages”
- h) Responsabilidades impostas a filiais, sucursais ou calquera punto de venda ou distribución que o asegurado teña fora do territorio español.
- i) Responsabilidades impostas no estranxeiro como consecuencia de contaminación ou danos ambientais ocasionados polos produtos do asegurado

## **SEXTA.- EXCLUSIÓNS COMÚNS A TODAS AS GARANTIAS**

Unicamente quedan excluídas do seguro a Responsabilidade Civil derivada de:

- 1) Feitos dos que o Tomador do seguro ou asegurado tivesen coñecemento no momento de formalizar a póliza.
- 2) Por danos causados a bens ou persoas sobre os que está a traballar o asegurado ou persoa de quen este sexa responsable. No caso de inmobles, a exclusión aplícase só á parte ou partes obxecto directo da súa actividade.(sempre que non estea expresamente incluído en póliza)
- 3) Prexuízos patrimoniais causados a terceiros que non sexan consecuencia dun dano previo persoal ou material cuberto en póliza (sempre que non estea expresamente incluído en póliza)
- 4) Reclamacións que se basen en obrigacións contractuais do asegurado que excedan da responsabilidade civil legal
- 5) Danos derivados de fusión ou fisión nuclear, radiación ou contaminación radioactiva
- 6) Que deba ser obxecto de cobertura por un seguro obrigatorio. Salvo que a presente póliza contrátase expresamente para este fin.
- 7) Derivada da propiedade, tenencia ou utilización de vehículos a motor e dos elementos remolcados ou incorporados a eles, salvo a responsabilidade civil subsidiaria apuntada nas condicións de cobertura anteriormente expostas no Presente Prego de Prescricións Técnicas.
- 8) Derivada da propiedade, tenencia ou utilización de teleféricos, funiculares, aeronaves, naves ou artefactos destinados á navegación ou sustentación á navegación, ou sustentación acuática ou aérea.
- 9) Derivada da propiedade, tenencia ou utilización de vías férreas e apartaderos de ferrocarrís.
- 10) Danos producidos polo transporte, almacenamento e manipulación de mercadorías perigosas (inflamables, explosivas, tóxicas, etc.) ou que requiran autorización especial. Exceptuando aquelas propias da actividade obxecto de seguro.
- 11) Derivada da fabricación, utilización, almacenamento, transformación e transporte de calquera combustibles e os seus derivados. Salvo os depósitos e surtidores privados de combustible que sexan destinados exclusivamente ao consumo propio do Tomador de Seguro.
- 12) Derivada dos danos por feitos de guerra civil ou internacional, actos de inimigos estranxeiros e hostilidades (mediante declaración de guerra ou sen ela), motín ou tumulto popular, actos de terrorismo, terremotos e inundacións e outros eventos extraordinarios.
- 13) A consecuencia da Responsabilidade Decenal prevista nos art. 1.909 e 1.591 do Civil español e 17 da Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación ou de calquera outra disposición ao respecto.
- 14) Por danos derivados de accións, omisións ou erros que teñan a súa orixe na extracción, transmisión e/ou conservación de sangue ou plasma sanguíneo, e aquelas actividades negligentes que teñan como consecuencia a adquisición, transmisión ou contaxio do S.I.D.A ou dos seus axentes patógenos.
- 15) Danos derivados da extracción, fabricación, manipulación e uso de asbesto ou sustancias que teñan como competencia dita materia
- 16) Polo pago de multas ou sancións ou as consecuencias da súa falta de pagamento, sexan de carácter administrativo ou penal
- 17) Danos que teñan a súa orixe na emisión de ondas, radiacións ou campos electromagnéticos

18) A responsabilidade Civil de administradores, directivos e conselleiros polas súas actuacións ou falta de actuación na súa calidade de alto cargo, e particularmente as reclamacións baseadas na Lei de Sociedades Anónimas e similares.

19) Responsabilidade Medioambiental tal como se define na Lei 26/2007 de Responsabilidade Medioambiental.

#### **SEPTIMA.- FRANQUICIAS**

**800.-€uros** por sinistro

#### **OITAVA.- EXISTENCIA DOUTROS SEGUROS**

Naqueles casos en que se produza concorrencia de seguros entre o presente contrato e outros contratos de seguros, individuais ou colectivos, subscritos polo Asegurado, a Aseguradora deberá levar a cabo todas as xestións tendentes á tramitación e liquidación de mesmo, sen que en ningún caso poida paralizar a súa tramitación por motivos de concorrencia.

No obstante, unha vez que a Aseguradora procedese ao pago e liquidación do sinistro, poderá exercer as accións que lle correspondan, de cara á recuperación do importe indemnizado, coa Compañía Aseguradora coa que o asegurado ten subscrito o contrato de seguros concorrente.

#### **NOVENA.- ÁMBITO DE VIXENCIA TEMPORAL**

Quedan asegurados dentro das condicións e termos do contrato, os danos ocorridos e reclamados por primeira vez durante a vixencia do contrato así como os danos ocorridos durante a vixencia e que sexan reclamados dentro dos 2 anos posteriores ao vencimiento do seguro.

Retroactividad limitada a 5 años de la entrada en vigor de la póliza.

#### **DECIMA.- AMBITO TERRITORIAL DO SEGURO**

A cobertura da póliza só será aplicable respecto das responsabilidades derivadas de danos sobrevidos en España e Unión Europea reclamadas ante, ou recoñecidas por Tribunais Españóis.

#### **UNDECIMA.- RENUNCIA Á RESCISIÓN EN CASO DE SINISTRO**

O asegurador renuncia a rescindir o presente contrato durante a súa vixencia, como consecuencia o acaecimento dun sinistro.

#### **DUODECIMA.- EFECTO DO SEGURO**

Ás 00:00 horas do 1 de abril de 2015

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

Prima Total Anual: **38.000 €uros**

#### **DÉCIMO CUARTA.- PRIMAS DO SEGURO**

O Concello de Ames durante a vixencia da póliza comprométese a comunicar á aseguradora as variacións que, con carácter anual, se produzan nos criterios de tarificación que se fixan no presente prego, aínda que se tratará unicamente dunha actualización de datos en póliza dado que a prima de seguro que corresponde á adxudicación correspondente **terá carácter de Prima Fixa polo que non se procederá a súa regularización.**



## DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS.

### LOTE 2.- PÓLIZA DE SEGURO DE DANOS MATERIAIS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto da licitación a contratación polo Excmo. Concello de Ames dunha póliza de seguro de DANOS MATERIAIS, conforme ás condicións que se especifican no presente prego, as cales teñen a consideración de coberturas mínimas.

#### SEGUNDA.- ASEGURADO

Terá a condición de Asegurado neste contrato o Excmo. Concello de Ames e os seus organismos dependentes.

#### TERCEIRA.- BENS ASEGURADOS.

- Todos os bens de calquera clase, natureza e descrición que, por razón da actividade asegurada, atópanse situados dentro das instalacións do Asegurado, nas súas proximidades para o servizo das mesmas ou noutros sobre os cales o asegurado teña título de propiedade ou outro interese asegurable.
- Queda pactado que dentro dos Bens Asegurados considéranse expresamente comprendidos a título **enunciativo e non limitativo**, os seguintes (esta enumeración non é restritiva ao que o prego determina de forma posterior como contido incluído):
  - Edificios
  - Equipos informáticos fixos e móbiles, equipos electrónicos, aparellos de visión e son.
  - Equipos instalados nas unidades móbiles incluso cando esten desprazándose, con exclusión dos propios vehículos e sempre que o sinistro atope cobertura por algunha das garantías da póliza.
  - Vehículos propiedade do Asegurado en repouso
  - Os planos: deseños, ficheiros, arquivos, microfilmes, manuscritos, rexistros sobre películas, fotografías, soportes de procesamiento de datos e similares.
  - Os patróns, moldes, modelos, matrices e similares.
  - As presas, canles, muros de contención de terras independentes de edificios, torres de soporte de liñas eléctricas e antenas, piscinas, frontóns e outras instalacións deportivas.
  - Metálico, títulos, valores mobiliarios e similares.
  - Superficies pavimentadas, viarias e outros tipos de obra civil.
  - Os bens propiedade de terceiras persoas
  - Cadros de valor artístico, esculturas, coleccións de libros, filatélicas e numismáticas e en xeral obxectos artísticos ou histórico-artísticos que sexan propiedade ou se atopen baixo a custodia do asegurado.

Aos efectos da póliza entenderase por:

**EDIFICIOS:** Todo canto sexa propio, forme parte, complete e constitúan o conxunto dos bens inmoebles e as súas instalacións fixas de auga, electricidade, aire acondicionado, saneamento, calefacción, galerías de servizos, obras de cerramento, cimentos, estruturas, muros, torres de soporte de liñas eléctricas, viarias, teitos, chans, paredes, cubertas, obras de reforma e/ou mellora, muros de contención de terras independentes ou non dos edificios, asfaltado, urbanización e pavimentación, valos, muros e cerramentos independentes ou non do edificio, rótulos e/ou letreiros luminosos ou non, iluminación exterior, parkings exteriores, antenas de comunicación de todo tipo, xardíns, árbores e

plantas dos riscos, incluídos os custos de acondicionamento do terreo e en xeral cuantos bens e instalacións poidan existir para a súa solidez, ornato, hixiene ou comodidade, aínda que non se designen de maneira expresa.

**EQUIPO/ CONTIDO:** O conxunto de bens mobles e/ou enseres profesionais, de oficinas, Comercio e/ou industria, maquinaria e instalacións, utillaxes, ferramentas de traballo, repostos, moldes, modelos e matrices e, en xeral, todos aqueles bens fixos e móbiles que sirvan para levar a cabo a actividade asegurada, así mesmo incluíranse os obxectos de valor tales como cadros de valor artístico, esculturas, coleccións de libros, filatélicas e numismáticas e en xeral obxectos artísticos ou histórico-artísticos que sexan propiedade ou se atopen baixo a custodia do Excmo Concello de Ames.

Ademais dos contidos e continentes, tal e como se definiron anteriormente e de bens que poidan atoparse no exterior dos recintos asegurados, considéranse incluídos **a título informativo pero non limitativo:**

Quedarán incorporadas ao contrato no que sexan aplicables, as seguintes estipulacións:

- a) En caso de contradición e/ou dúbida de interpretación entre os contidos da póliza e o Prego de Prescricións Técnicas entenderanse como válido o das Prescricións Técnicas salvo que sexa máis favorable ao Excmo Concello de Ames, o contido da póliza.
- b) As designacións, enunciacións e declaracións incluídas no Prego de Prescricións Técnicas considerárase como suficientes polo Asegurador para satisfacer os termos da póliza, e para dispor dunha opinión exacta dos riscos que asume.
- c) Enténdese que quedan garantidos os danos que afecten os bens asegurados por un sinistro que se orixine en bens excluídos ou outros.



- d) O Asegurador renuncia a todo recurso que, en caso de sinistro, poida exercitar contra os empregados, obreiros ou asalariados da parte asegurada e, en xeral, contra calquera persoa por cuxos actos resultase civilmente responsable o Asegurado, aínda cando o sinistro afecte a outros bens diferentes dos asegurados por esta póliza, pero que tamén o estean por este Asegurador, excepto en caso de malevolencia, no cal este se verá sempre obrigado para co Asegurado pero conservase os seus dereitos para recorrer contra as persoas recoñecidas como responsables do sinistro.
- e) A peritación en caso de sinistro non deberá, na medida do posible, deter o funcionamento do establecemento e se o traballo débese interromper, procurarse sexa unicamente na parte sinistrada dos locais
- f) Para cubrir as necesidades da industria ou negocio asegurado hai ou pode haber, equipos de soldadura autógena, existencias de esencias minerais e líquidos, pinturas e gases inflamables e combustibles, circunstancia que tamén pode producirse nos riscos contiguos, próximos ou separados; aínda que considerados como seccións auxiliares, e non como a actividade principal do Asegurado
- g) O asegurado obra por conta propia e de quen corresponda
- h) Por necesidades da actividade obxecto do seguro, os bens garantidos poderán desprazarse a outras situacións de risco, quedando cubertos polas garantías do presente contrato na situación á que fosen desprazados, aplicándose tamén nestes casos, se corresponde, a Cobertura Automática ao valor dos devanditos bens.
- i) O Asegurador, en caso de sinistro que afecte a bibliotecas, discos ou casetes, reembolsara o valor enteiro das obras descabaladas e se soamente o prezo dos tomos ou fraccións das obras avariadas, sen que en ningún caso pódase pretender indemnización algunha polas diferenzas que resulten entre a impresión anterior e a que mande facer o Asegurado para repor os devanditos tomos ou fraccións.
- j) Concédese ao Asegurado a facultade de construír e derrubar tabiques e/ou locais, pisos e/ou edificacións, establecer e tapiar aberturas de comunicación, realizar obras de reforma e traballos de montaxe, probas, desmonte, etc., coa utilización dos medios e servizos necesarios e trasladar os obxectos dunha parte a outra dentro do recinto asegurado entendéndose comprendidos no seguro os correspondentes bens e garantidos no punto onde se acharen os obxectos trasladados.
- k) Nos lindeiros e/ou proximidades aos Bens Asegurados, existen ou poden existir outras actividades comerciais e/ou industriais, así como oficinas e/ou vivendas.
- l) Na garantía dos artigos que aseguren edificios ha de entenderse incluído o valor de cantas instalacións existan para a súa solidez, ornate, hixiene ou comodidade.
- m) Quedan garantidos os bens asegurados fóra do recinto asegurado que presten e/ou reciban servizos e subministracións en calquera das situacións obxecto do seguro
- n) Faise expresamente constar que, cando se trate de danos producidos por fenómenos atmosféricos e/ou meteorolóxicos cubertos polo asegurador, considerarase que constitúe un só e único sinistro a totalidade dos danos ocorridos en calquera das situacións aseguradas, durante un período de 72 horas consecutivas
- o) O asegurador recoñece recibir toda a información sobre o risco de forma tal que lle permitiu apreciar o alcance e natureza do risco que asume, e en consecuencia, renuncia ao seu dereito a prevalerse en caso de sinistro de calquera falta, erro ou omisión na declaración por parte do asegurado sobre os devanditos riscos, salvo que exista unha manifesta conduta dolosa, ou negligente por parte do asegurado.
- p) Así mesmo renuncia á rescisión de contrato por mor da ocorrencia dun sinistro.

q) Queda contemplada a emisión de extornos de prima nos casos de diminución de capitais por desaparición de riscos ou calquera outro axuste necesario

#### **NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE**

A Aseguradora, e no seu caso as coaseguradoras, obríganse a manter a confidencialidade dos datos que lle suministre a Administración do Concello de Ames en execución das condicións especiais previstas, non podendo utilizar os mesmos máis que para as finalidades específicas e especialmente delimitadas que se deriven da cobertura de riscos.

Así mesmo obríganse a manter controlado o acceso de datos aos que se fai referencia no parágrafo anterior no caso de que fosen ou foran informatizados, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa concordante e de desenvolvemento.

#### **DECIMA.- ALTAS E BAIAS**

En calquera momento da vixencia do contrato, o Concello poderá comunicar á compañía adxudicataria calquera alta de situación de risco que deba incluírse na póliza. A estes efectos, aplicaráselle a taxa que se estableceu na póliza proporcionalmente aos días en alta até o vencimento máis próximo, non podéndose alterar a taxa durante a vixencia da póliza

Do mesmo xeito, o Concello poderá comunicar á compañía adxudicataria, calquera baixa de situación de risco durante a vixencia do contrato. Neste caso a aseguradora extornará a parte de prima correspondente desde a comunicación da baixa até o vencimento do contrato.

#### **UNDECIMA.- FRANQUICIAS**

Franquicia xeral – **600.-€uros**

#### **DUODECIMA.- EFECTO DEL SEGURO**

Ás 00:00 horas do 1 de abril de 2015

#### **DUODECIMA.- PRESUPUESTO LICITACIÓN**

Prima Total Anual: **28.700.-€uros**

## DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS.

### LOTE 3.- PÓLIZA DE SEGUROS DE ACCIDENTES COLECTIVOS DO CONCELLO DE AMES

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

Será obxecto do presente contrato a suscripción por parte do Concello de Ames das pólizas de seguro de Accidentes Colectivos, conforme as condicións que se especifican no presente Pliego, as cales teñen a consideración de coberturas mínimas.

#### **Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello y Accidentes para Alcalde e Concelleiros**

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporales, tanto no exercicio da súa profesión como na súa vida privada que teña como consecuencia a morte ou invalidez permanente, esta última según o alcance e calificación a detallar polos licitadores na súa oferta.

#### **Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio para os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil**

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporales, no exercicio da súa profesión, que teñan como consecuencia a morte ou invalidez permanente.

#### **Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de Guarderías, Accidentes para las Escuelas Deportivas y Voluntarios**

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporales, durante as actividades que realicen nas instalacións das Guarderías, que teñan como consecuencia a morte ou invalidez permanente.

#### SEGUNDO.- ASEGURADOS

#### **Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello**

Colectivo asegurado: 240

- \* Persoal funcionario.
- \* Persoal laboral fixo.
- \* Persoal laboral temporal.
- \* Persoal eventual

#### **Seguro Colectivo de Accidentes para o Alcalde e Concelleiros**

21 concelleiros (incluído Alcalde).

#### **Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio para os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil**

44 empregados

#### **Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de Guarderías**

220 alumnos aproximadamente

### **Seguro Colectivo de Accidentes para las Escuelas Deportivas**

1.600 alumnos aproximadamente (dende outubro a maio)

### **Seguro Colectivo de Accidentes para Voluntarios**

50 voluntarios (innominados)

## **TERCEIRA.- OBXECTO DOS SEGUROS**

É garantir o pago dos capitais e coberturas asegurados que percibirían os estes e ou os seus beneficiarios nos casos de Falecemento e Invalidez por accidente.

**Definición de Accidente:** Accidente é toda lesión corporal sufrida polo asegurado independentemente da súa vontade e debido a unha causa fortuita, instantánea, externa e violenta e que lle produza algunha das seguintes consecuencias: morte e invalidez permanente. Tamén terán a consideración de accidente a efectos do seguro:

1. A asfixia ou lesións internas a consecuencia de gases ou vapores, inmersión ou sumersión, ou por inxestión de materias líquidas ou sólidas.
2. As infeccións derivadas dun accidente cuberto pola póliza.
3. As lesións que sexan consecuencia de intervencións quirúrxicas ou tratamentos médicos motivados por un accidente cuberto pola póliza.
4. As lesións sufridas a consecuencia de lexítima defensa.

Quedan excluídos de todas-las coberturas e garantías da póliza, ademais das limitacións específicas para cada unha delas, os seguintes supostos:

- a) Provocación intencionada do sinistro por parte do Asegurado.
- b) Conflictos armados (teñan mediado ou non declaración oficial de guerra)
- c) Motíns e tumultos populares.
- d) Reacción ou radiación nuclear ou contaminación radiactiva.
- e) Inundacións que teñan o carácter de extraordinarias ou catastróficas, huracans, tempestades, movementos sísmicos e, en xeral, os feitos que en virtude da súa magnitude e gravidade sexan calificados de catastróficos pola autoridade competente.

## **CUARTA.- RISCOS CUBERTOS**

**Morte Por Accidente:** por esta cobertura garantirase o pago ao beneficiario do capital estipulado no suposto de que o asegurado falezca a causa dun accidente.

Así mesmo, facemos constar que quedaría incluído o falecemento por infarto de miocardio derivado de accidente laboral, sempre e cando fora reconecido pola autoridade competente na materia.

**Invalidez Permanente Por Accidente:** por esta cobertura garantirase o pago do capital estipulado no suposto de que o asegurado resulte afectado por algunha invalidez permanente a causa dun accidente, quedando incluídas nas garantías das pólizas os seguintes grados de invalidez, non sendo acumulativos entre sí os capitais asegurados:

- Invalidez Permanente Total Por Accidente: por esta cobertura garantirase o pago do capital estipulado no suposto de que o asegurado resulte afectado por unha invalidez total a causa dun accidente de traballo que lle imposibilite para o desenvolvemento da súa actividade habitual.
- Invalidez Permanente Absoluta E Gran Invalidez Por Accidente: por esta cobertura garantirase o pago do capital estipulado no suposto de que o asegurado resulte afectado por unha invalidez absoluta ou gran invalidez a causa de un accidente de traballo que lle imposibilite para o desenvolvemento de calquera actividade laboral.
- Invalidez Permanente Parcial Por Accidente: Se como consecuencia de un accidente cuberto pola póliza resultase unha invalidez permanente parcial do

Asegurado, entendida como a perda anatómica ou impotencia funcional permanente e irreversible de membros ou órganos, o importe das indemnizacións a satisfacer pola Entidade Aseguradora será o resultado de aplicar á suma asegurada estipulada para caso de Invalidez Permanente Absoluta, os porcentaxes establecidos.

**ASISTENCIA SANITARIA:** Estarán cubertos por esta garantía os gastos médicos, hospitalarios e farmacéuticos que se produzan ata o total restablecemento do asegurado e **por un prazo máximo de indemnización de 365 días a partir do accidente.**

A presente garantía será prestada en España sen límite algún no seu importe, sempre que sexa con médicos concertados polo Asegurador.

Cando a asistencia sea prestada por médicos e establecementos de libre elección poderase establecer un límite. En calquer caso, as condicións acordadas no contrato non podrán excluír a necesaria asistencia de carácter urxente prevista no art. 103 da Ley de Contrato de Seguro.

#### **QUINTA.- EXTENSIÓN E ÁMBITO DA COBERTURA**

**a) Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello**

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados durante as 24 horas do día.

**b) Seguro Colectivo de Accidentes para o Alcalde e Concelleiros**

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados durante as 24 horas do día.

**c) Seguro Colectivo de Accidentes para os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil**

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados no exercicio da súa profesión (incluído accidente in itinere)

**d) Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de Guarderías**

O ámbito da cobertura queda limitado ás instalacións en onde se practiquen ou se celebren as actividades da Guardería que sexan declaradas polo Tomador.

**e) Seguro Colectivo de Accidentes para las Escuelas Deportivas**

**f) Seguro Colectivo de Accidentes para Voluntarios**

#### **SESTA.- COBERTURAS E CAPITALS ASEGURADOS**

**a) Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello y Alcalde y Concelleiros**

Falecemento por accidente	39.000.-euros
Falecemento por accidente de circulación (capital acumulativo al de Fallec. por accid)	39.000.-euros
Gran Invalidez por accidente	39.000.-euros
Inv. Perm. Absoluta por accidente	39.000.-euros
Inv. Perm. Total por accidente	30.050,61.-euros

Inv. Perm. Parcial por accidente hasta	30.050,61.-euros
Asistencia médica en centros de libre elección	Limitada hasta 1.200.-euros

**b) Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil**

Falecemento por accidente laboral	18.030,36.-euros
Inv. Perm. Parcial por accidente laboral en base a baremo hasta	24.040,48.-euros
Inv. Perm. Total por accidente laboral	24.040,48.-euros
Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral	24.040,48.-euros
Gran Invalidez por accidente laboral	24.040,48.-euros

**c) Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de Guarderías, Escuelas Deportivas y Voluntarios**

Actos de sepelio por accidente	3.000.-euros
Invalidez Permanente (incluidas parciales en base a baremo)	6.000.-euros
Asistencia médica en centros de libre elección	Limitada hasta 1.500.-euros
Asistencia médica en centros concertados	Ilimitada

Os capitais asegurados polas garantías de Invalidez anteriormente indicadas, en ningún caso, podrán ser acumulativos.

Se despois de unha Invalidez Permanente se produxera a Morte do Asegurado a consecuencia do mesmo Accidente, a indemnización pagada por dita Invalidez considerarase a conta da Suma Asegurada para Morte.

**SETIMA.- VARIACIÓNS RELACIONADAS COA COMPOSICIÓN DO GRUPO ASEGURADO**

As variacións que se produzan despois de formalizadas as pólizas, serán comunicadas polo Concello de Ames ao adxudicatario ao finalizar a anualidade de seguro.

A regularización da prima, correspondente as altas e baixas de asegurados, así como de calquera outra variación que poidera existir, efectuarase ó finalizar a anualidade de seguro.

En caso de sinistro, e ademáis dos documentos que para a súa tramitación se requiran, para a acreditación da condición da persoa siniestrada como Asegurado por estas pólizas, será necesaria a certificación polo Tomador de que o Asegurado pertence ó Colectivo asegurado.

**OITAVA.- Prima**

A prima total anual de todos los seguros incluíndo impostos, recargos e gravámenes, terá como máximo un importe de **15.475 Euros**

## **NOVENA.- RISCOS EXTRAORDINARIOS**

Indemnizaranse polo Consorcio de Compensación de Seguros os sinistros de carácter extraordinario de conformidade co establecido no Estatuto Legal do Consorcio, aprobado pola Lei 21/1990, de 19 de decembro e modificado no texto refundido, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2004, de 29 de outubro.

O Consorcio de Compensación de Seguros axustará a súa actuación ó disposto no mencionado Estatuto Legal (modificado pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, pola Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro e pola Lei 34/2003, de 4 de novembro de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados), na Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro, no Real Decreto 300/2004, de 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Seguro de Riscos Extraordinarios, e disposicións complementarias.

## **DECIMA.-MELLORAS**

Os licitadores, no suposto que presenten melloras sobre as garantías exixidas neste prego, deberán detalla-las na folla anexa.

## **DECIMO PRIMEIRA.- EFECTOS DOS SEGUROS:**

Ás 00:00 horas do 1 de abril de 2015, excepto Escolas Deportivas que terá efectos dende o 1 de outubro de 2015

Persoal Laboral e Funcionario  
Concelleiros  
Empregados dos centros de Asistencia e Educación Infantil  
Alumnos Guarderías  
Escolas Deportivas  
Voluntarios

## **DECIMO SEGUNDA.- INFORMACIÓN SOBRE O RISCO.**

O asegurador reconece ter recibido toda a información sobre o risco de forma tal que lle permitiu apreciar o alcance e natureza do mesmo que asume, e en consecuencia, renuncia ao dereito a prevalerse en caso de siniestro de calquera falta, error, ou omisión na declaración por parte do asegurado sobre ditos riscos, salvo que exista unha manifiesta conducta dolosa ou negligente por parte do asegurado.

## **DECIMO TERCEIRA.- RENUNCIA A RESCISIÓN DO CONTRATO EN CASO DE SINISTRO.**

O asegurador renuncia a rescindir o contrato durante a súa vixencia, como consecuencia do acaecimento de un sinistro

## **DECIMO CUARTA.- CONFIDENCIALIDADE.**

O asegurador deberá manter a confidencialidade dos datos que lle suministre o asegurado no cumprimento execución das condicións especiais previstas e non deberá utilizar dita información mais que para as finalidades específicas e especialmente delimitadas que se deriven da cobertura dos riscos.

Asimesmo deberá controlar o acceso información a que se fai referencia no párrafo anterior no caso de que foran formalizados, nos términos previstos na Lei Orgánica 5/1992 de Regulación do Tratamento Automatizado de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1332/1994 que a desarrolla e demais disposicións legais aplicables.

## **DECIMO QUINTA.- CONTIDO DA PÓLIZA .**

Formará parte integrante da póliza que se emita o presente Pliego de Prescripciones

Técnicas, o Pliego de Cláusulas administrativas así como as melloras que sendo ofertadas polo licitador, sean aceptadas polo Tomador.



## DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS.

### LOTE 4.- PÓLIZA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDAD CIVIL DERIVADA DE LA CIRCULACIÓN VEHÍCULOS A MOTOR

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto da licitación a contratación polo Excmo. Concello de Ames dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil derivada da Circulación de Vehículos a motor, conforme ás condicións que se especifican no presente prego, as cales teñen a consideración de coberturas mínimas.

#### SEGUNDA.- DEFINICIÓNS

**Asegurador:** A persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado.

**Tomador do seguro:** Excmo Concello de Ames e os seus organismos dependentes.

**Asegurado:** O Tomador do Seguro e condutores dos vehículos que compoñen a frota asegurada.

**Beneficiario:** A persoa física ou xurídica que, previa cesión polo Tomador / Asegurado, resulta titular do dereito á indemnización.

**Conductor:** A persoa autorizada polo Excmo Concello de Ames que, legalmente habilitada para iso, conduza o vehículo asegurado ou o teña baixo a súa custodia ou responsabilidade no momento de ocorrencia do sinistro.

**Sinistro:** Todo feito cuxas consecuencias estean garantidas por algunha das modalidades obxecto do presente seguro. Considerarase que constitúe un só e único sinistro o conxunto de danos derivados dun mesmo feito.

**Vehículo Asegurado:** Todos os vehículos que formen parte da frota do Excmo Concello de Ames (automóviles, industriais, agrícolas, motocicletas, ciclomotores, camións.....), coas opcións e accesorios que incorporen.

Os vehículos que compoñen a frota serán considerados terceiros entre si.

#### TERCEIRA.- RISCOS ASEGURADOS

##### Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria (S.O.A.)

A póliza garantirá até os límites cuantitativos vixentes, a obrigaón indemnizatoria derivada dos condutores dos vehículos apuntados nas condicións particulares dos feitos da circulación nos que interveñan devanditos vehículos e dos que resulten danos ás persoas e/ou aos bens. Esta obrigaón será exixible a tenor do disposto na Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de vehículos a motor, e na súa redacción dada pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados, e no Regulamento sobre a Responsabilidade Civil e seguro na circulación de vehículos a motor, aprobada por R.D. 7/2001 de 12 de xaneiro e o Real Decreto Legislativo 8/2004, de 29 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na circulación de Vehículos a Motor.

Esta cobertura obrigatoria non alcanzará aos danos corporais ou materiais producidos ao CONDUTOR do vehículo identificado na póliza.

Ademais do seguro de Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria garantiranse, segundo o caso, as coberturas que a continuación se detallan, indicándose na relación adxunta de vehículos, as correspondentes a cada un deles:

### **Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria con garantía limitada a 50.000.000 € (RCV)**

Por esta modalidade garántese o pago das indemnizacións que, en virtude do disposto nos artigos 1.902 e concordantes do Código Civil e 116 e concordantes do Código Penal, o Asegurado ou o Conductor autorizado e legalmente habilitado, sexan condenados a satisfacer a consecuencia da Responsabilidade Civil extracontractual derivada dos danos causados a terceiros con motivo da circulación co vehículo especificado na póliza, tanto si se atopa en circulación como parado.

Esta garantía cubrirá as indemnizacións, dentro do límite pactado nas condicións particulares da póliza, que excedan da cobertura de RESPONSABILIDADE CIVIL de Subscrición Obrigatoria (SOA) fixada en cada momento polas disposicións legais que regulen dita cobertura.

Quedan excluídas das garantías desta modalidade:

1. A Responsabilidade Civil por danos causados ás cousas transportadas no vehículo.
2. A responsabilidade por danos causados polas cousas transportadas no vehículo, ou que se achen en poder do ASEGURADO ou de persoas de quen este deba responder.
3. O pago de multas ou sancións impostas polos Tribunais ou Autoridades competentes, e as consecuencias da súa falta de pagamento.

### **Defensa Penal e Constitución de Fianzas**

Por esta modalidade, o Asegurador obrígase, dentro dos límites establecidos na Lei e no contrato de seguro, a facerse cargo dos gastos en que puidese incurrir o Asegurado como consecuencia da súa intervención nun procedemento criminal e prestarlle os servizos de asistencia xurídica e extraxudicial derivados da cobertura do Seguro de Automóbiles.

### **Reclamación de Danos**

Mediante esta cobertura garántese a reclamación ao terceiro responsable, amigable ou xudicialmente, en nome do Asegurado, os seus familiares ou asalariados ou Conductor autorizado, da indemnización polos danos e prexuízos causados polo devandito terceiro con motivo de feitos que deriven do risco especificado.

### **Asistencia en Viaxe (desde km 0)**

Mediante esta cobertura cubrense as prestacións que se indican máis abaixo como mínimo, cando durante un desprazamento co vehículo asegurado se produza algunha continxencia que impida a continuación da viaxe derivada de inmovilización do vehículo por avaría mecánica, accidente de circulación ou roubo do vehículo, falecemento do condutor, enfermidade ou lesión sobrevida repentinamente durante a viaxe aínda que non se derive de accidente de circulación.

Como mínimo esta garantía cubrirá:

1. Asistencia por avaría mecánica
2. Substitución de Rueda
3. Extracción do vehículo
4. Remolque do vehículo e traslado dos asegurados

5. Transporte do vehículo até o taller designado polo asegurado da localidade do domicilio habitual ou até o parque móbil do asegurado.

6. Aloxamento durante a reparación do vehículo se o asegurado opta por esperar á reparación do vehículo

#### **Seguro de Accidentes para o condutor**

Garante un capital de indemnización para o condutor nos casos de falecemento por accidente de circulación e Invalidez Permanente, así como os gastos de asistencia médica.

#### **Lunas**

Cubrese a indemnización pola rotura das lunas dianteira e traseira, das portas e doutras laterais do vehículo asegurado, cando a súa rotura se produza por unha causa exterior, violenta e instantánea e allea á vontade do asegurado ou do condutor, achándose o vehículo en circulación, en repouso ou durante o seu transporte.

Quedan excluídas desta garantía:

- Os cristais, plásticos, ópticas, tulipas, espellos interiores e exteriores así como aos teitos corredizos ou practicables.
- Os raiados ocasionados polo uso.
- As pegadas, impactos e outras marcas superficiais que non constitúan rotura total ou parcial e que non impidan a normal visibilidade.

**CUARTA.- GARANTÍAS DE APLICACIÓN** (Ver anexo de vehiculos e garantías a asegurar).

- RC subscripción obrigatoria
- RC suplementaria até 50.000.000 €uros
- Defensa Xurídica e Reclamación de Danos
- Lúas
- Asistencia en Viaxe
- Seguro de Accidentes: Accidentes para o Condutor e ocupantes.
  1. Morte por accidente.....35.000 €uros
  2. Invalidez permanente progresiva.... 35.000 €uros
  3. Asistencia médica..... **ilimitada** en centros concertados, en non concertados até 6.500 euros e 365 días.

#### **QUINTA.- FRANQUICIAS**

As modalidades expostas serán en todo caso **SEN FRANQUÍAS**.

#### **SESTA.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

O orzamento de licitación establécese en **10.175 €uros** (todos os impostos e gastos incluídos).

#### **SETIMA.- EFECTOS DOS SEGUROS:**

Ás 00:00 horas do 1 de abril de 2015,

#### **OITAVA.- ADMINISTRACIÓN DA PÓLIZA**

#### **Altas e Baixas de automóviles e modificación de coberturas**

No caso de altas ou baixas de vehículos e/ou modificacións das distintas coberturas descritas no presente prego, deberase respectar o prezo estipulado nese período para outros vehículos de similares características e coberturas.

No suposto de altas de vehículos e/ou modificacións de cobertura, durante a vixencia do contrato, a aseguradora quedará obrigada a asumir as coberturas solicitadas polo tomador do seguro, mediante o cobro da prima correspondente, a condición de que os riscos e garantías sexan similares aos xa existentes. Ao devandito importe realizarase prorrato até 31.12 de cada ano en curso.

No suposto que se produzan baixas na póliza a aseguradora quedará obrigada a extornar a parte da prima non consumida até o vencimiento do contrato (neste caso é necesario a devolución do recibo por parte do Tomador do seguro) no mes seguinte á comunicación da baixa do vehículo.

Todos os avisos e notificacións que se deriven do contrato serán realizados a través de BVC ARTAI, S. a., servindo esta comunicación e a súa data de envío como data de efecto das modificacións, altas e/ou baixas que se comuniquen.

A aseguradora deberá emitir certificados individuais para cada un dos vehículos que forma a frota do Concello de Ames e as altas que se xeren tras a posta en marcha do contrato que nos ocupa xeraren recibos individuais que serán abonados dentro do mes seguinte á súa recepción no Concello.

Os certificados individuais deben ser entregados no prazo de 24 horas desde a comunicación de alta do vehículo na frota e debe constar como mínimo a seguinte información:

Marca, modelo, matrícula, o centro ao que pertence o vehículo, número de póliza, efecto, vencimiento.

**ANEXO: LISTAXE DE VEHÍCULOS E GARANTÍAS A ASEGURAR:**

COMPañIA	MATRICULA	TIPO COCHE	SERVIZO	PÓLIZA	COBERTURAS
ALLIANZ	C4857CJ	CITROEN C15	OBRAS	034996056 00001	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C1956BX	CITROEN C15	OBRAS	034996056 00004	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	9963DRM	LAND ROVER	ALGUACIL	034996056 00005	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	R9653BBT	LAND ROVER	VARIOS	034996056 00006	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C6026AU	SUZUKI VITARA	URBANISMO	034996056 00011	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C3663AN	CITROEN XSARA BREAK	OBRAS	034996056 00012	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C5062AX	LAND ROVER	OBRAS	034996056 00013	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	1162FHY	LAND ROVER	CULTURA	034996056 00014	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	2728BWG	NISAN CABSTAR (CAMION)	OBRAS 9 tn	034996056 00016	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C5185CD	RENAULT TRAFIC	COMEDORES ESCOLARES	034996056 00017	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	7653FYL	SUZUKI BURGMAN (MOTO)	POLICIA LOCAL	034996056 00018	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST
ALLIANZ	C97323VE	LAND ROVER	OBRAS 9 tn	034996056 00019	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	3583 BGH	SUZUKI GRAND VITARA	POLICIA LOCAL	034996056 00020	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	5208BWT	FORD FOCUS	POLICIA LOCAL	034996056 00021	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C7434CJ	CITROEN XSARA BREAK	POLICIA LOCAL	034996056 00023	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C4858CJ	CITROEN C15	OBRAS	034996056 00024	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C5114BF	LAND ROVER	OBRAS	034996056 00025	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	C8190CD	LAND ROVER	OBRAS	034996056 00026	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.
ALLIANZ	1034 HYL	SEAT ALTEA	POLICIA LOCAL	034996056 00028	TODO RIESGO SIN FRANQ.
ALLIANZ	1033 HYL	SEAT ALTEA	POLICIA LOCAL	034996056 00029	TODO RIESGO SIN FRANQ.
ALLIANZ	E 5123BGH	JOHN DEERE	AGRICOLA	034996056 00030	RCO-RCV-DEF .y REC-ACC.COND.-ASIST-LUN.